GaLE.

Galego Lingua Estranxeira. Documento técnico.

Laura Rodríguez Calderón. Licenza por formación 2014/15.

ACTIVIDADES DIXITAIS LIM

- **O sistema Lim é un entorno para a creación de materiais educativos, formado por un editor de actividades (EdiLim), un visualizador (LIM) e un arquivo en formato XML (libro) que define as propiedades do libro e as páxinas que o compoñen.**
- **A accesibilidade é inmediata desde internet xa que non é necesario instalar ningunha aplicación ou programa no computador.**
- **Emprega tecnoloxía Flash, de contrastada fiabilidade e seguridade, sendo independente ao sistema operativo, hardware e navegador web.**
- **É versátil en canto ao dispositivo, podendo empregalo no computador, no encerado dixital ou en tablets.**
- **Presenta actividades atractivas e de doado uso para os alumnos e o profesorado.**
- **Inclúe a posibilidade de avaliar os exercicios e ter un control dos progresos.**
- **LIM e EdiLim son de uso e distribución libre, sempre que se respecte a súa gratuidade e autoría.**

TARXETAS PDF

- É recoñecido por calquera versión de todos os sistemas operativos. Pódese abrir en Windows XP, Vista, 7, en Linux, en MacOS, en sistemas para smartphones…
- Débese ter instalado un programa lector. Hai múltiples programas para visualizar este tipo de documentos, denominados visores PDF: PDF-XChange Viewer, Sumantra PDF, Adobe Reader, Foxit Reader…
- O documento PDF presenta o formato final de impresión, sen cambios posibles ao imprimir as tarxetas.
- Ao crear un PDF con imaxes comprímese o tamaño, polo que se converte nun arquivo lixeiro.

SELECCIÓN DE APPS PARA TABLET

- As apps descargaranse do Play Store en Android ou do App Store en IOS.
- Pódense organizar por pantallas e por carpetas.
- Non é necesario descargar as apps en todas as tablets. A maqueta da primeira pódese copiar no resto por medio dun computador.
- Unha maneira óptima de mercar as apps de custo son as tarxetas prepago.